- En caso de detectarse posibles síntomas compatibles coa COVID-19 nalgunha persoa presente, seguiranse obrigatoriamente as indicacións realizadas polas Autoridades Sanitarias para o efecto.
- Deberán asistir unicamente as persoas estritamente necesarias para a realización do trámite.
- Establécese a obriga de permanecer no local de reunión o tempo estritamente necesario.

- Non se poderá acudir no caso de presentar febre (>37°) ou síntomas de problemas respiratorios.

Lugo, 8 de xuño de 2020.-O xefe do Servizo Provincial.- Gerardo Pallares Sánchez.

R. 1241

CONCELLOS

O CORGO

Anuncio

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL E FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO Ó ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR E A ENTIDADE LOCAL MEDIANTE A REALIZACIÓN DE TRATAMENTOS PREVENTIVOS EN VIAS E CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL CON TRACTOR E A ACTUACIÓN DE BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS.

PRIMEIRO. NORMATIVA APLICABLE

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións: R.D legislativo 5/2015, do 30 de outubro, en el que se aprueba el texto refundido de la Ley do Estatuto básico do empregado público (en sucesivas citas EBEP); na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; Ley 2/2015 de 29 de abril de emprego de Galicia e na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña a LEI 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do estado e demais disposicións aplicables.

OBXECTO

A presente convocatoria ten por obxecto a selección de:

- 2 peóns de forestais de apoio ó tractor

Nesta mesma liña, e co fin de non interromper a prestación deste concreto servizo de duración temporal, aqueles candidatos que superen o proceso selectivo, pero que non acaden a puntuación precisa para ser propostos para a contratación por esta entidade, pasarán a formar parte dunha lista para posibles baixas ou substitucións.

Así mesmo, o procedemento selectivo para **a contratación de dous peóns forestais que prestarán apoio ó tractor desbrozadora que realizará os tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal**, servirá de bolsa de emprego para futuras contratacións, válida para os anos 2020, que se constituirá con todos os candidatos que superen o proceso selectivo ordeados de maior a menor puntuación obtida. As contratacións que se formalicen se farán respectando a orde.

No suposto de que o candidato seleccionado non desexe suscribir o contrato laboral temporal ou unha vez suscrito, dimita ou se extinga a relación laboral de mutuo acordo, o concello notificará ó seguinte candidato seleccionado segundo a orde de puntuación para formalizalo.

SEGUNDO.- COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS DOS PEÓNS DE APOIO Ó TRACTOR DESBROZADORA:

2.1.- PEÓNS DE APOIO Ó TRACTOR

Este persoal realizará labores de apoio ós condutores do tractor-desbrozadora para a mesma finalidade.

TERCEIRO.- REQUISITOS:

a) Comúns a todos os aspirantes

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, de conformidade co establecido no artigo 56 do EBEP e no ART.50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP ser nacionais de Estados membros de la Unión Europea o calquera que sea su nacionalidad a los cónyuges de los españois o dos

nacionais de estados membros de la UE, sempre que non estean separados de dereito nos termos establecidos no artigo 57 de EBEB.

b) Ter unha idade comprendida entre os 16 e os 60 anos.

c) Estar en posesión do carnet de conducir tipo B.

d) Posuir as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para a o desempeño dos traballos, acreditándose a mesma mediante certificado médico. Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, os trastornos psicolóxicos, as incapacidades do aparato locomotor, as enfermidades contaxiosas e a obesidade. Nas mulleres tamén será excluínte o embarazo. A cegueira e a sordeira son igualmente causas de exclusión.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder a mesma categoría profesional á que pertencía.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de Celga 3 (ou o curso de iniciación, nos termos establecidos na disposición adicional 1ª da Orde de 16 de xullo de 2007).

Se non se pode acreditar este concreto requisito, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesaria superar a realización dunha proba do lingua galega, nos termos establecidos na cláusula quinta.

CUARTO.- PROCEDIMENTO SELECTIVO

O procedemento selectivo consistirá na realización dos seguintes exercizos:

EXERCICIOS ESPECÍFICOS PARA OS POSTOS DE PEÓNS FORESTAIS DE APOIO AO TRACTOR DESBROZADORA.

1º Exercicio

Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba práctica no manexo da desbrozadora e ferramentas manuais, co fin de avaliar os seus coñecementos e pericia na utilización do citado equipamento.

A puntuación máxima por este exercizo será de 10 puntos, sendo preciso para superalo acadar un mínimo de 5 puntos.

2º Exercicio:

2.1.- Exposición curricular:

Consistirá na contestación por escrito a preguntas formuladas polos membros do tribunal, co fin de afondar sobre cuestións curriculares dos/as aspirantes e coñecementos do concello. A puntuación máxima a obter por este apartado será de 4 puntos.

A cualificación será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do Tribunal.

2.2.- Proba sobre coñecementos:

Consistirá nunha proba de coñecementos sobre as materias indicadas na parte específica referida a este posto de traballo do anexo nº 1 destas bases.

A proba consistirá nun exame tipo test de 20 preguntas. Cada pregunta terá dous ou tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta. Para aprobar o exame deberán acertar 10 preguntas (as preguntas non contestadas ou contestadas incorrectamente non restarán). Cada pregunta contestada correctamente valerá 0,20 puntos.

A puntuación máxima a obter por este apartado será de 4 puntos.

A calificación total do **2º exercicio** será de 8 puntos como máximo, e obterase sumando a obtida no apartado 2.1 e 2.2. Para superar este exercicio será necesario acadar unha puntuación total mínima de 4 puntos.

3º EXERCICIO: GALEGO:

Común e obrigatorio para aquelas candidatas a calquera posto dos ofertados que non poidan acreditar o coñecemento de galego no nivel CELGA 3 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

Os candidatas que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal, do castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

A puntuación total virá determinada pola media das puntuacións obtidas nos exercicios 1º e 2º.

O tribunal elevará proposta de contratación temporal ao órgano competente dos dous candidatos/as que obtivesen máis puntuación. Así mesmo, elaborará unha lista coas puntuacións dos candidatos/as que superaron o procedemento para formar unha lista para posibles baixas ou substitucións.

QUINTA.- ANUNCIO DA CONVOCATORIA E SOLICITUDES E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos do concello e na páxina web www.concellodocorgo.com e na sede electrónica do concello do Corgo concellodocorgo.sedelectronica.gal.

As instancias para poder tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante o modelo que figura no anexo II da presente convocatoria, dirixido ao alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello na sede electrónica concellodocorgo.sedelectronica.gal ou a través de calquera dos medios que prevé a Lei 39/15 de 1 de outubro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, (en sucesivas mencións LRJPAC), no seu artigo 38, no prazo de cinco **(5) días hábiles seguintes, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.** Se o último día de prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte. Se no prazo de dous días hábiles a contar desde o seguinte á finalización do prazo de presentación non se recibe a solicitude, esta quedará rexeitada, polo que se recomenda a súa presentación no rexistro xeral das oficinas municipais do Concello do Corgo. No caso de presentar a solicitude noutro lugar ou por outro medio, o interesado deberá acreditar o dito envío, remitindo o mesmo día copia da solicitude ao fax 982302068 ou por mail a concello.ocorgo@eidolocal.es. Sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

Xunto coa solicitude, os aspirantes manifestarán que reúnen tódolos requisitos da convocatoria e aportarán a documentación acreditativa dos méritos ou títulos que alegan, en orixinal ou copia compulsada ou cotexada.

No suposto de que o interesado desexa aportar os documentos orixinais, o interesado terá dereito á expedición pola oficina do Rexistro deste concello dunha copia selada do documento orixinal no momento da presentación. Para o exercicio deste dereito, o interesado deberá aportar xunto co orixinal copia do mesmo, para que o funcionario, previo cotexo deste con aquel, o dilixencie cos datos que figuran no Art. 7 nº 2 do Real Decreto 772/1999, de 7 de maio. O cotexo non devengará ningunha taxa, segundo a ordenanza fiscal vixente deste concello.

Pola contra, se o interesado preferise deixar unha copia do documento orixinal, en vez deste, esta deberá ser compulsada. No caso de prestar este servizo de compulsa neste concello, devengarase a taxa establecida na ordenanza municipal en vigor.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e transcorridos os dous (2) días hábiles para recibir a documentación presentada en Correos ou en Rexistros diferentes ao deste concello, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, que se publicará no **taboleiro de anuncios do concello e na páxina Web** (www.concellodocorgo.com), e **na sede electrónica do concello do Corgo**, admitindo ou inadmitindo aos solicitantes, indicando a causa de exclusión neste último caso, e abríndose **un prazo de DOUS (2) días hábiles para a subsanación de defectos**, contados a partir do seguinte ao da súa publicación nos referidos medios, para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. No caso de presentarse noutros rexistros diferentes ao do concello, as emendas deberán recibirse nun prazo máximo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ao de finalización do prazo anterior. Se estes prazos finalizaran en sábado entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte.

Na publicación indícarase o nome e apelido, DNI dos aspirantes, con indicación dos que non precisan a realización do exercicio de galego.

Rematado o prazo de subsanación e transcorridos os 2 días hábiles referidos anteriormente, ditarase resolución nun prazo máximo de **DOUS (2) días hábiles**, a contar a partir do seguinte á finalización do prazo anterior, elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos, así como os candidatos que teñan que realizar o exercicio de galego, e nela se sinalará a composición do tribunal cualificador. A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se aprobe e ordene a publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

Non obstante, o feito de figurar na lista definitiva de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base terceira das presentes bases.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados únicamente para o fin da presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente legislación.

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o/a interesado/a poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes, a contar desde o día seguinte a

publicación no taboleiro de anuncios da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo, no de dous meses desde a citada data.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.

SEXTA- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1 Composición:

De conformidade con canto se establece polo artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empleado público, o tribunal terá a seguinte composición:

·Presidente: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.

·Secretario: Un empregado/a público con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.

·Vogais: Tres empregados/as públicos con nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ó posto convocado.

O nomeamento dos membros do tribunal e os seus suplentes, realizarase por Decreto do alcalde, e publicarase no taboleiro de anuncios, e na páxina web do concello (WWW.concellodocorgo.com)

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. A colaboración pode consistir na elaboración dos informes médicos e das probas físicas que sirvan para acreditar a aptitude física para o desenvolvemento do posto de traballo.

Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores, que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

6.2 Adopción de acordos:

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

Concluídas as probas, elevarase proposta de candidatos para a formalización do correspondente contrato laboral que en ningún caso poderá exceder do nº de plazas convocadas. Así mesmo, elevarase proposta de bolsa de emprego válida para o ano 2020.

O mesmo día de celebración das probas elevarase proposta dos candidatas seleccionadas que vinculará á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poda proceder a súa revisión, consonte ao establecido nos Art. 102 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común. Os seus acordos só poderán impugnarse de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6.3 Data e lugar de constitución do Tribunal

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Na mesma **resolución na que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos se sinalará a composición do tribunal cualificador, a data e hora na que se constituirá para valorar os méritos dos aspirantes admitidos.**

6.4.- Abstención e Recusación.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 29 da citada lei.

1. SÉTIMA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DO CANDIDATO/A SELECCIONADO/A

2. Os candidatos propostos deberán achegar no prazo de 3 días, a seguinte documentación, salvo que xa a presentara anteriormente, xunto a instancia de participación:

3. 1) Copia compulsada do DNI ou documento de identificación do extranxeiro ciudadano dun Estado membro da UE.

2) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

3) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

4) Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

Os/as aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

OITAVA. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o alcalde resolverá o proceso selectivo e se procederá a formalización do contrato laboral temporal por obra o servizo determinado a tempo completo conforme a lexislación vixente.

NOVENA. IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurriera un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición, sen que este fora resolto, poderá entenderse que foi desestimado para interpor o recurso contencioso-administrativo, á súa elección, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/15 de 1 de outubro el Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas e na Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

O Corgo, 19 de xuño de 2020.- O Alcalde, Felipe Labrada Reija.

ANEXO I

I) Programa específico para o posto de peón de apoio ó tractor:

Tema 1.- Normas específicas de circulación para vehículos especiales agrícolas: posición na estrada, parada e estacionamento, límites de velocidade, sinais nos vehículos especiais agrícolas, masas e dimensións máximas, masas remolcables, la carga e sinalización

Tema 2.- Especial referencia ós tractores. Tipos de sistemas de refrixeración, lubricación e engrase, tipos de mantemento según tiempos de traballo, regulación de eixes, freos e rodas, fusibles, lámpadas e batería.

Tema 3.- Coñecementos de sobre o Concello do Corgo

ANEXO II.- Modelo de instancia:

Dña./D....., con DNI o documento de extranxero nº....., con domicilio aos efectos de notificación en....., nº de teléfono.....,

EXPÓN:

Que reúno tódalas condicións esixidas polas bases da convocatoria para participar no proceso selectivo para, convocatoria anunciada no BOP nº ..., de data

En virtude do que, solicito ser admitido para participar no proceso de selección da referida convocatoria, presentando a documentación seguinte:

1.- Fotocopia compulsada do DNI ou tarxeta de extranxeiro

2.- Fotocopia compulsada do carnet tipo B –no caso de que o requira o posto de traballo-, e do título CELGA 3 ou curso de iniciación.

O Corgo, de de

NOTA: Os datos de carácter persoal poderán ser tratados para futuras contratacións, de conformidade coa Lei 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter.

R. 1297

MURAS*Anuncio***DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Visto o informe da Traballadora Social do Concello, no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo, prezo/hora, achega mensual e o número de horas que foron atendidas no mes de Abril 2020.

Elaborados os padróns mensuais que conteñen as liquidacións da taxa pola prestación do servizo do SAF básica e SAF dependencia no mes de Abril 2020, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de Abril 2020. O padrón correspondente ao mes de Abril consta de 51 contribuíntes (14 de libre concorrencia e 37 de dependencia) e un importe total de 4.576,43 € (988,72 € persoas usuarias de libre concorrencia e 3.587,71 € persoas usuarias de dependencia).

SEGUNDO- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

QUINTO- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, 25 de maio de 2020.- Alcalde Don Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo).

R. 1208

TABOADA*Anuncio*

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 25 DE XUÑO DE 2020 POLA QUE SE APROBA A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO. PERSOAL FUNCIONARIO (BASES APROBADAS POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 28/02/2020) INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2020 PARA O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Conforme as Bases da convocatoria para a provisión de unha praza de Administrativo/a aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 28 DE FEBREIRO DE 2020 (incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Taboada para o ano 2020 para o proceso de estabilización de emprego temporal e examinados os expedientes dos aspirantes ACORDO:

PRIMEIRO: Admitir aos aspirantes presentados e aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos nas seguinte relación.

1. Admitidos

APELIDOS DE NOME	DNI
CASTRO LAMAZARES ADRIAN	53196330K
FERNANDEZ COPA JOSE ALBERTO	34987918L
GARCIA FRAGA ANDREA	32720470A
GARCIA OSORIO LORENA	33343268F
GONZALEZ GONZALEZ VERONICA	76823314W
LOPEZ GOMEZ ELENA	32741189R
PINAL SEOANE SILVIA MARIA	36156676D
RODRIGUEZ CABAÑAS MIGUEL	33336523R
SUAREZ EXPOSITO IGNACIO	32785436V

2.- Excluídos

NOME E APELIDOS	DNI	MOTIVO
REIMONDO GASALLA ROMINA	76581193W	1

*1. Non aporta Titulación.***SEGUNDO-** Prazo de emendas

Poderanse emendar as deficiencias na documentación, de ser o caso, no prazo de dez días contados a partir do seguinte ao da publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As emendas presentaranse durante o prazo anteriormente citado, ben directamente nas oficinas municipais do Concello de Taboada ou a través dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

TERCEIRO:

Ordenar a publicación da presente Resolución no BOP (Boletín Oficial da Provincia de Lugo), no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Taboada (<http://www.concellotaboada.ess>)

Taboada, 25 de xuño de 2020O alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1311

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 25 DE XUÑO DE 2020 POLA QUE SE APROBA A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA A PROVISIÓN UNHA PRAZA DE MONITOR DE DEPORTES/TÉCNICO DEPORTIVO. MEDIA XORNADA. PERSOAL LABORAL FIXO. (BASES APROBADAS POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 28/02/2020) INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2020 PARA O PROCESO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Conforme as Bases da convocatoria para a provisión de UNHA PRAZA DE MONITOR DE DEPORTES/TÉCNICO DEPORTIVO aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 28 DE FEBREIRO DE 2020 (incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Taboada para o ano 2020 para o proceso de consolidación de emprego temporal e examinados os expedientes dos aspirantes ACORDO:

PRIMEIRO: Admitir aos aspirantes presentados e aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos nas seguinte relación.

1. Admitidos

APELIDOS DE NOME	DNI
FERRREIRO VAZQUEZ MARIA DEL MAR	33340231Y
MIGUENS MAGARIÑOS JESUS	35471675W

2.- Excluídos

Ningún

SEGUNDO- Prazo de emendas

Poderanse emendar as deficiencias na documentación, de ser o caso, no prazo de dez días contados a partir do seguinte ao da publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As emendas presentaranse durante o prazo anteriormente citado, ben directamente nas oficinas municipais do Concello de Taboada ou a través dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

TERCEIRO:

Ordenar a publicación da presente Resolución no BOP (Boletín Oficial da Provincia de Lugo), no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Taboada (<http://www.concellotaboada.ess>)

Taboada, 25 de xuño de 2020 O alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1312

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 25 DE XUÑO DE 2020 POLA QUE SE APROBA A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA A PROVISIÓN DÚAS PRAZAS DE LIMPADORAS. PERSOAL LABORAL FIXO (BASES APROBADAS POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 28/02/2020) INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2020 PARA O PROCESO DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Conforme as Bases da convocatoria para a provisión de DÚAS PRAZAS DE LIMPADORAS aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 28 DE FEBREIRO DE 2020 (incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Taboada para o ano 2020 para o proceso de consolidación de emprego temporal e examinados os expedientes dos aspirantes ACORDO:

PRIMEIRO: Admitir aos aspirantes presentados e aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos nas seguinte relación.

2. Admitidos

APELIDOS DE NOME	DNI
CASTRO LAMAZARES ADRIAN	53196330K
RODRIGUEZ GARCIA MARIA ISABEL	76617534A
TABOADA ARMAS SONIA	76623043S

2.- Excluídos

1. Ningún

SEGUNDO- Prazo de emendas

Poderanse emendar as deficiencias na documentación, de ser o caso, no prazo de dez días contados a partir do seguinte ao da publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As emendas presentaranse durante o prazo anteriormente citado, ben directamente nas oficinas municipais do Concello de Taboada ou a través dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

TERCEIRO:

Ordenar a publicación da presente Resolución no BOP (Boletín Oficial da Provincia de Lugo), no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Taboada (<http://www.concellotaboada.ess>)

Taboada, 25 de xuño de 2020 O alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 1313

O VICEDO

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 8 de xuño de 2020, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de abril de 2020 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser

examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 8 de xuño do 2020.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1210

VILALBA

Anuncio

Expte. 2459/2019 (Organización municipal)

Faise público, segundo o preceptuado no art. 62 do Regulamento Orgánico Municipal, en relación co art. 61, e nos arts. 75.7 da lei 7/85 e 30 e 31 do ROF, que se formularon por parte dos/as concelleiros/as da Corporación Municipal deste Concello, con motivo da súa toma de posesión, as **declaracións anuais de bens patrimoniais e de actividades**, acompañadas das liquidacións de impostos que en cada caso se efectúen, dándose así cumprimento á obriga que, nesta materia, teñen os mencionados cargos electos.

Vilalba, 15 de xuño do 2020.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 1211

Anuncio

Faise público que S. S^a a alcaldesa, dona Elba Veleiro Fernández, con data 10/06/2020, ditou o decreto número 183/2020, que se transcribe de seguido:

Expte. 2459/2019

“Visto que, mediante o decreto número 377 de data 2/07/2019, ó abeiro e de conformidade coas atribucións conferidas no art. 43 e seguintes do ROF, esta alcaldía resolveu realizar, a favor dos/as concelleiros/as que a continuación se sinalan, as delegacións especiais seguintes:

.....

A don Modesto Renda Santiso: Turismo e Promoción do Comercio Local

Destas delegacións deuse conta ó Pleno, na súa sesión extraordinaria celebrada o día 4/07/2019, no punto de “coñecemento de resolucións da alcaldía”, e publicáronse no BOP núm. 157 do 10/07/2019.

Visto que na dita sesión extraordinaria de organización municipal, aprobáronse, entre outros asuntos, o réxime de dedicacións exclusivas e parciais, creándose as seguintes:

- *Crear, segundo o establecido nos artigos 75.1, 75 bis e 75 ter da Lei 7/85, unha dedicación exclusiva de concellería con xornada laboral completa, e cunha retribución anual bruta de 23.000 euros, distribuído en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.*
- *Crear, segundo o que se dispón nos arts. 75.2 e 75 bis da Lei 7/85, unha dedicación parcial de concellería, con xornada laboral ao 65%, e unha retribución anual bruta de 14.950 euros, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.*
- *Crear, segundo o que se dispón nos arts. 75.2 e 75 bis da Lei 7/85, unha dedicación parcial de concellería con xornada laboral ao 65%, e unha retribución anual bruta de 14.950 euros, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.*
- *Crear, segundo o que se dispón nos arts. 75.2 e 75 bis da Lei 7/85, unha dedicación parcial de concellería con xornada laboral ao 65%, e unha retribución anual bruta de 14.950 euros, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.*
- *Crear, segundo o que se dispón nos arts. 75.2 e 75 bis da Lei 7/85, unha dedicación parcial de concellería con xornada laboral ao 15%, e unha retribución anual bruta de 3.450 euros, distribuída en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.*

Visto asimesmo que, mediante o decreto núm. 390 do 11/07/2019, esta alcaldía resolveu designar ós seguintes membros da Corporación, para desempeñar os seus cargos con dedicación exclusiva ou parcial:

- *A don Modesto Renda Santiso, con DNI n.º 33550924L, para a dedicación exclusiva de concellería con xornada laboral completa, e cunha retribución anual bruta de 23.000 euros, distribuído en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro.*

A dita dedicación exclusiva publicouse no BOP núm. 166 do 20/07/2019, e aceptouse polo Sr. Renda Santiso no documento que asinou, o día 11/07/2019, ante a secretaria deste Concello, nos termos expresados neste.

Visto o disposto nos arts. 44 e 120 do ROF, que dín:

Artículo 44.

Todas las delegaciones a que se refiere el artículo anterior serán realizadas mediante Decreto del Alcalde que contendrá el ámbito de los asuntos a que se refiere la delegación, las facultades que se deleguen, así como las condiciones específicas de ejercicio de las mismas, en la medida en que se concreten o aparten del régimen general previsto en este Reglamento.

La delegación de atribuciones del Alcalde surtirá efecto desde el día siguiente al de la fecha del Decreto, salvo que en ella se disponga otra cosa, sin perjuicio de su preceptiva publicación en el «Boletín Oficial» de la Provincia y en el municipal, si existiere.

Las normas de los apartados anteriores serán aplicables a cualquier modificación posterior de las delegaciones.

De todas las delegaciones y de sus modificaciones se dará cuenta al Pleno en la primera sesión que éste celebre con posterioridad a las mismas.

Artículo 120.

Los Concejales-Delegados y los Diputados-Delegados son aquellos Concejales y Diputados que ostentan algunas de las delegaciones de atribuciones del Alcalde o Presidente, previstas en los números 3, 4 y 5 de los artículos 43 y 63, respectivamente, de este Reglamento.

Se pierde la condición de Concejale-Delegado o de Diputado-Delegado:

Por renuncia expresa, que habrá de ser formalizada por escrito ante la Alcaldía o Presidencia.

Por revocación de la delegación, adoptada por el Alcalde o Presidente con las mismas formalidades previstas para otorgarla.

Por pérdida de la condición de miembro de la Comisión de Gobierno o en aquellos Municipios donde ésta no exista, de la de Teniente de Alcalde, en el caso de las delegaciones a que se refieren los artículos 43.3 y 63.3, respectivamente, de este Reglamento.

Visto o disposto no art. 75.1 da Lei 7/85, reguladora das Bases do Réxime Local, que dí:

Artículo 75.

Visto o disposto no art. 75.1 da Lei 7/85, reguladora das Bases do Réxime Local, que dí:

Artículo 75.

Los miembros de las Corporaciones locales percibirán retribuciones por el ejercicio de sus cargos cuando los desempeñen con dedicación exclusiva, en cuyo caso serán dados de alta en el Régimen general de la Seguridad Social, asumiendo las Corporaciones el pago de las cuotas empresariales que corresponda, salvo lo dispuesto en el artículo anterior

En virtude do disposto nos citados artigos 44 e 120 do ROF, e 75.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e no uso das atribucións que me confire o art. 21 da dita Lei 7/85, RESOLVO:

Primeiro. Revocar a delegación conferida a don Modesto Renda Santiso mediante el decreto número 377, ditado pola alcaldía o día 2/07/2019, con efectos dende o día seguinte á presente resolución.

Segundo. Deixar sen efecto a designación a don Modesto Renda Santiso mediante o decreto núm. 390 do 11/07/2019, para a dedicación exclusiva de concellería con xornada laboral completa, e cunha retribución anual bruta de 23.000 euros, distribuído en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias da mesma contía, nos meses de xuño e decembro, con efectos dende o día seguinte á presente resolución.

Terceiro. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Cuarto. Notificar o presente decreto a don Modesto Renda Santiso e dar conta ó Pleno na súa primeira sesión."

Vilalba, 15 de xuño do 2020.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 1212

Anuncio

Para os efectos do establecido no art. 17 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TR Lei r/ das facendas locais), exponse ó público, durante o prazo de **30 días hábiles**, a *modificación da Ordenanza Fiscal número 36, reguladora da taxa pola prestación do servizo do Conservatorio Municipal*, que se aprobou polo **Concello Pleno**, na súa sesión ordinaria celebrada o día **17/06/2020**, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa inserción, os interesados poidan examinar o expediente e/ou presentar as reclamacións que estimen oportunas, que de ser o caso, haberán de dirixirse ó mesmo órgano que o aprobou, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación.

Vilalba, 19/06/2020.- A alcaldesa, Elba Veleiro Fernández.

R. 1268

VIVEIRO

Anuncio

Con data de 12 de xuño do 2020, por Resolución de Alcaldía, procédese á aprobación do seguinte padrón fiscal :

<u>Tributo</u>	<u>Exercicio</u>	<u>Importe</u>
Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública.....	2020.....	24.000,00
con caixeiros automáticos adosados ós edificios e		
con acceso directo dende a vía pública		

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por partados contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante o Alcalde. Se o recurso non se resolvase no prazo de un mes

entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

Anuncios de cobranza :

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día 1 de xullo de 2020 ata o 1 de setembro 2020, ambos inclusive.
- Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de ABANCA corporación bancaria S.A. e Caixabank SA. (A Caixa) dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán presentarse a partir do 1 de xullo de 2020 na oficina de Recadación do Concello de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas da entidades antes indicadas.
- Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e abvírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciárase o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 12 de xuño de 2020.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 1213

Anuncio

Aprobados por Resolución da Alcaldesa, de 18 de xuño de 2020, os padróns correspondentes a 2020 dos seguintes tributos:

- Padrón IBI Urbana
- Padrón IBI Rústica
- Padrón BICE

Conforme ó disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, este anuncio ten carácter de notificación colectiva e ábrese un período de exposición pública por prazo de 15 días hábiles, contados a partir da publicación deste anuncio no BOP, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Sra. Alcaldesa. Se o recurso non se resolve no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

Anuncios de cobranza :

Apertura do período voluntario de recadación

De acordo co previsto no artigo 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será dende o día 01 de xullo ata ó 01 de setembro de 2020, ambos inclusive.
- Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca Corporación Bancaria SA e Caixabank SA, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán presentarse a partir do 01 de Agosto na oficina de Recadación do Concello de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas da entidades antes indicadas.

- A domiciliación do Imposto sobre bens inmobles de natureza Urbana e os bens inmobles de carácter especial implicará o seu fraccionamento en tres periodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase ó 05 de Xullo polo importe do 33,33% do recibo, o segundo cargo ó día 05 de setembro polo importe do 33,33% do recibo e o terceiro cargo o día 5 de novembro polo restante 33,33% do recibo. A devolución do primeiro cargo por parte da entidade financeira implicará que o suxeito pasivo queda obrigado ó pagamento da totalidade do recibo antes de que remate o período voluntario de pagamento, perdendo a posibilidade do seu fraccionamento e do segundo e terceiro cargo
- Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación.
- Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario, iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26 e 28 da Lei Xeral Tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Viveiro, 18 de xuño de 2020.-A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 1255